

2011

IES FIN DO CAMIÑO. FISTERRA



INDICE

PROCEDEMENTO DO EQUIPO DE MEDIACIÓN

Neste documento atópase o procedemento que regula o funcionamento do equipo de mediación do IES Fin do Camiño (E.M.I.F.)

INDICE

1. XUSTIFICACIÓN DA MEDIDA	3
2. OBXECTIVOS.....	4
3. MARCO TEÓRICO	4
4. ACTIVIDADES DO PROGRAMA	8
Fases da creación do servizo	8
Funcionamento do servizo:	10
5. MEDIACIÓN NAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO	10
Proceso de mediación.	10
Coordinación	11
6. TEMPORALIZACIÓN DAS ACCIÓNS.....	13
7. RECURSOS	13
8. PLAN DE AVALIACIÓN	14
ANEXOS.....	16
FICHA CURSO DE MEDIACIÓN	17
CONTRATO DE FORMACIÓN.....	18
FICHA DE SOLICITUDE DE MEDIACIÓN	19
REXISTRO DE MEDIACIÓN	20
REXISTRO DE ACORDO PARA A MEDIACIÓN	22
CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN D@S ALUMNOS@S MEDIAD@S	23
VALORACIÓN DO ALUMNADO MEDIADOR	24
MEMORIA FINAL DO SERVIZO DE MEDIACIÓN	26
PUBLICIDADE, LOGOS E IMAXES CORPORATIVAS	27

1. XUSTIFICACIÓN DA MEDIDA

A preocupación polo aumento da conflitividade nas aulas e a necesidade de implantar estratexias que axuden a xestionar os conflitos veuse plasmando na lexislación estatal e autonómica dos últimos anos.

- Na Lei 27/05, de Fomento da Educación e da Cultura de Paz, art. 2 mencionábase: “O Goberno promoverá a inclusión, como contido curricular, de iniciativas de educación para a paz a escala local e nacional e “O Goberno promoverá a formación especializada de homes e mulleres en técnicas de resolución de conflitos, negociación e mediación”.
- A Lei Orgánica 2/2006 de Educación recolle dentro das 8 competencias básicas a competencia social e cidadá e considera principios do sistema educativo a educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. É, tamén, unha finalidade explícita da educación e un obxectivo común en todas as etapas educativas. No artigo 23 sinálase como obxectivo da ESO: *“Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacíficamente os conflitos.”*
- No contexto galego, o Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria, apunta no artigo 4º *“Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e **resolver pacíficamente os conflitos**”*

Neste contexto, co fin de englobarse dentro dos procedementos do Plan de Convivencia para a resolución de conflitos, nace o equipo de mediación do IES FIN DO CAMIÑO.

2. OBXECTIVOS

- Previr a violencia escolar no centro educativo, a través de potenciar a aprendizaxe da ferramenta de mediación escolar, orientada á resolución construtiva de conflitos.
- Crear un servizo de mediación no centro, integrado nos plans e nas dinámicas do mesmo.
- Lograr a implicación da comunidade educativa en estratexias alternativas de resolución de conflitos.
- Ensinar os participantes do curso de mediación estratexias e habilidades necesarias para desenvolver a mediación en conflitos, fomentando un bo clima socioafectivo entre as persoas que participen.

3. MARCO TEÓRICO

DEFINICIÓN E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

A mediación escolar é un método de resolución pacífica de conflitos no que, mediante a intervención imparcial dunha terceira persoa, axúdase ás partes implicadas a alcanzar por si mesmas un acordo satisfactorio.

PRINCIPIOS DA MEDIACIÓN ESCOLAR.

- A liberdade e voluntariedade das persoas implicadas no conflito para acollerse ou non á mediación e para desistir dela en calquera momento do proceso.

- A actuación imparcial da persoa mediadora para axudar ás persoas implicadas a que alcancen un acordo sen impor solucións nin medidas.
- Para garantir este principio, a persoa mediadora non pode ter ningunha relación directa cos feitos, nin coas persoas que orixinaron o conflito.
- O compromiso de mantemento da confidencialidade do proceso de mediación, salvo os casos que determine a normativa.
- A práctica da mediación como ferramenta educativa para que as partes adquiras, desde a práctica, o hábito da solución pacífica dos conflitos.

QUE NON É A MEDIACIÓN?

- Non é unha conciliación intuitiva. Non é que sexa mellor nin peor, simplemente está organizada de xeito diferente.
- Non é unha comisión de convivencia, un servizo de mediación non sanciona, non ten carácter corrector.

Podemos distinguir tres momentos e 6 fases:

- *ANTES DO ENCONTRO.*
- *DURANTE O ENCONTRO.*
- *DESPOIS DO ENCONTRO*

ANTES DO ENCONTRO:

FASE 1: PREMEDIACIÓN

Obxectivo: crear as condicións que faciliten o acceso á mediación.

- Determinar a súa viabilidade: o mediador reúnese en privado con cada unha das partes. Neste encontro debe:
 1. Explicar brevemente en que consiste o proceso
 2. Asegurarse de que os implicados acoden a el voluntariamente.

DURANTE O ENCONTRO:

FASE 2: PRESENTACIÓN E REGRAS DO XOGO.

Obxectivo: Crear confianza no proceso.

Este momento consta de:

1. A presentación da persoa mediadora: esta debe recordar que é imparcial e neutral (non opina), só vela polo respecto das condicións aceptadas.
2. O motivo do encontro: non é outro que as persoas mediadas comprendan que ocorreu e intenten solucionalo. Pero deben ser elas mesmas as que atopen a solución, nunca o mediador ou mediadora.
3. Presentación das condicións do encontro.

As condicións do encontro son:

- Respetar a quenda de palabra.
- Evitar insultos.
- Confidencialidade da partes(agás cando haxa falta de disciplina)
- A solución debe ser atopada e aceptada por ambas partes.
- Haberá acordo asinado nun compromiso escrito se as partes o queren, ou sempre que o centro estea implicado no conflito.
- Seguimento do acordo se as partes o desexan ou sempre que se teña incorrido nunha falta de disciplina

FASE 3: CÓNTAME.

Obxectivo: Poder expresar a súa visión do conflito e expresar os seus sentimentos. Poder desafofarse e sentirse escoitados.

É o momento de contar o que pasou.

A función do mediador é:

- escoitar a ambas partes con imparcialidade, identificando as razóns subxacentes
- Velar pola escoita activa de cada parte e polo respecto dos turnos de palabra.

FASE 4: CLAREXAR O PROBLEMA.

Obxectivo: Identificar en qué consiste o conflito e consensuar os temas máis importantes para as partes.

- Axudar coas súas preguntas a aclarar que é o que pasou.
- Concretar o problema.
- Identificar aos protagonistas do conflito
- Axudar a que cada un entenda como se sentiu o outro
- Axudar ás partes a poñerse no lugar do outro.

FASE 5. PROPÓR SOLUCIÓN.

Obxectivo: Tratar cada tema e buscar posibles vías de arranxo.

- Nesta parte, o mediador debe guiar ás persoas mediadas para que elas mesmas propoñan solucións.
 - ¿Como se poden solucionar?
 - ¿Como se quedarían satisfeitos?
 - ¿Que estarían dispostos a facer para solucionalo?

FASE 6. CHEGAR A UN ACORDO.

Obxectivo: chegar a un acordo que satisfaga a ambas partes.

- Avaliar as propostas, vantaxes e dificultades e indentificar aquelas respectadas polas partes en conflito.
- Redactar un acordo por escrito.
- Acordar as datas para un posible seguimento dese acordo.

DESPOIS DO ENCONTRO:

Tras a mediación é o momento de:

- a) Realizar o seguimento do caso: o seguimento pode ser levado a cabo polos mediadores ou mediadoras do caso, baixo a supervisións dos coordinadores.
- b) De ser o caso dunha mediación con falta de disciplina, o seguimento recaerá baixo a xefatura de estudos, quen procederá á atenuación ou agravamento da sanción.
- c) Derivar o conflito á xefatura de estudos cando haxa falta de disciplina e o proceso non se considere adecuado.

4. ACTIVIDADES DO PROGRAMA

FASES DA CREACIÓN DO SERVIZO

A creación dun servizo de mediación require desenvolver os seguintes pasos:

1. Análise da convivencia do centro:

- Deseño de cuestionarios para a avaliación da convivencia por parte de toda a comunidade educativa.
- Análise dos partes de conduta e análise DAFO
- Corrección, análise e posta en coñecemento da comunidade educativa

2. Sensibilización da comunidade educativa:

- Creación de grupos de traballo
- Potenciar a formación e o interese sobre o tema (formación interna, exposición de experiencias doutros centros, informar sobre cursos...)
- Sesións informativas na CCP e no claustro, mediante charlas
- Informar ás familias nas reunións iniciais

- Informar os delegados e delegadas
- Claustro extraordinario. Noméase a dous coordinadores.

2. Selección do alumnado mediador:

Publicidade do curso:

- i. Facer publicidade do curso de formación de mediadores nas xornadas de acollida ó alumnado ó comezo de curso
- ii. Facer publicidade a través de todas as titorías e da reunión semanal dos titores co departamento de orientación
- iii. Facer publicidade da medida na reunión inicial cos pais e nais
- iv. Facer publicidade da medida entre os servicios sociais e asociacións de carácter educativo da zona (Neria)
- v. Deseño de carteis publicitarios
- vi. Visita do alumnado mediador xa formado ás titorías da ESO

Selección dos voluntarios:

- Exame de mediación e entrevista personal
- Opinión do profesorado titor
- Análise dos partes de conduta

3. Curso de mediación de 24 horas, en 8 sesión de 3 horas unha vez por semana.

4. Estudio da coordinación e seguimento do servizo

5. Introducción do procedemento nos plans de centro (Plan de Convivencia):

- i. Aprobación do procedemento pola CCP, o Claustro, o Observatorio da Convivencia e o Consello escolar

6. Posta en marcha do servizo de mediación entre iguais.

- Presentación oficial dos mediadores e mediadoras

7. Avaliación formativa e trimestral da medida

FUNCIONAMENTO DO SERVIZO:

1. Prodúcese o conflito
2. Identifícase 2 procedementos:
 - Os usuarios acoden voluntariamente ó Departamento de Orientación e cumprimentan a “*ficha de solicitude*” escollendo cada un a persoa mediadora.
 - A xefatura de estudos ofrece voluntariamente ós membros en conflito a mediación, podendo recomendar ós mediadores que se estimen mais capacitados para o caso.
3. Procédese á **Pre- mediación**. Cumpriméntase o “*Rexistro de mediación*” de mediación. Utilizarase preferentemente o recreo
4. **Mediación**: realízanse as sesións necesarias, reflexando nunha ficha con todas as datas nas que se reúnen para mediar. Cóbrese tamén a ficha “*rexistro de acordo para a mediación*” . Utilizaranse preferentemente a hora de titoría.
5. Cóbrese a ficha “*Rexistro de acordos de mediación*” que se deben reflexar na última reunión, (pode ser obxecto de revisión ou pechase a mediación para sempre)
6. **Seguimento**: revisión dos acordos e derivación, se é o caso. Utilizarase preferentemente o recreo.

5. MEDIACIÓN NAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

PROCESO DE MEDIACIÓN.

1. O proceso de mediación pode utilizarse como estratexia preventiva ou como estratexia de reparación ou de reconciliación na xestión de conflitos entre membros da comunidade educativa, sexan derivados ou non de condutas contrarias ás normas ou gravemente prexudiciais para

- a convivencia do centro. Porén, valorarase cada solicitude individualmente co obxecto de valorar a viabilidade do proceso.
2. O proceso de mediación, que interrompe calquera outro procedemento administrativo do centro, aberto ao alumno ou alumna, co mesmo obxecto, pódese iniciar a instancia de calquera membro da comunidade educativa, xa se trate de parte interesada ou dunha terceira persoa, sempre que as partes en conflito acépteno voluntariamente.
 3. No caso dunha mediación na que conste un parte por condutas contrarias ás normas ou gravemente prexudiciais o inicio dun proceso mediador poderá paralizar o procedemento correctivo ou sancionador previsto.
 4. As persoas mediadoras informarán á xefatura de estudos do resultado da mediación e da data de revisión dos acordos, garantindo a confidencialidade do proceso.
 5. O cumprimento dos acordos de mediación poderá ser tida en conta como atenuante da sanción, sempre que os acordos fosen cumpridos satisfactoriamente.
 6. Se o proceso de mediación interrómpeuse ou finaliza sen acordo, ou se se incumpren os pactos de reparación, as persoas mediadoras deben comunicar estas circunstancias á xefatura de estudos.
 7. As persoas mediadoras deberán ser propostas pola persoa coordinadora co obxecto de:
 - Garantir de confidencialidade e neutralidade
 - Equilibrar a asignación nos casos.
 - Asignar os casos atendendo ao nivel de conflitividade ou dificultade e tipoloxía.

COORDINACIÓN

A coordinación farase mensualmente por parte dos coordinadores

As persoas coordinadoras terán unha reunión mensual co alumnado mediador

Utilizarase a hora do recreo para realizar as premediacións e, de ser posible, empezar a mediar. Utilizarase preferentemente as horas de tutoría e de alternativa das persoas mediadoras para realizar as mediacións. O profesorado dará a súa autorización para deixar saír o alumnado en conflito e facilitará a ó acceso ós contidos.

Si se entende que, polo estado ou a natureza do conflito, é necesario mediar o antes posible, os coordinadores proporán horas de clase diferentes das anteriores, previa consulta ó profesorado implicado. Neste caso, o profesorado garantizará que se comunique ó alumnado afectado as tarefas de clase realizadas, as actividades recuperación recuperación e os apuntes.

FUNCIÓNS DA PERSOA COORDINADORA:

- Ser o representante e portavoz do proxecto no centro facilitando a información continua sobre o seu funcionamento.
- Coordinación cos representantes de cada medida de convivencia, xefatura de estudos e departamento de orientación.
- Coordinar e dinamizar a mediación e ao alumnado mediador.
- Elaborar un calendario de actuación, formación, actividades...
- Coordinar as reunións de seguimento co alumnado mediador, destinadas á análise dos conflitos que se derivaron ao servizo de mediación.
- Crear un clima de traballo positivo e atractivo para o alumnado mediador.
- Impulsar e coordinar todo tipo de formación continua do alumnado. Sensibilizar ao alumnado e ao profesorado sobre a medida e informar sobre aspectos relacionados con ela.
- Responsabilizarse da avaliación continua do servizo. Redactar a memoria de avaliación final.

6. TEMPORALIZACIÓN DAS ACCIÓNS

A creación do servizo segue unha temporalización trimestral durante o curso, segundo o seguinte:

- 1º trimestre: sensibilización, publicidade, captación do alumnado.
- 2º trimestre: formación de mediadores/as
- 3º trimestre: Institucionalización do servizo, coordinación e inserción do procedemento nos plans de centro.

7. RECURSOS

MATERIAIS

GASTOS DE FORMACIÓN DE MEDIADORES: material e gastos varios: 100 euros

PUBLICIDADE: impresión de trípticos, camisetas, bolígrafos e pins: 200 EUROS

MATERIAIS PARA A FORMACIÓN DE MEDIADORES E MEDIADORAS

Resolución de conflictos en instituciones escolares, de Juan Carlos Torrego e

- Tiempo de Mediación - M^a Carme Boqué Torremorell. Junta de andalucía
- Construir la Paz. Transformar los conflictos en oportunidades. M. Carme Boqué Torremorell. 2010. Editorial Caja Mediterráneo
- Outros materiais propios ou froito da experiencia doutros centros (IES Viana do Bolo, IES Portada Alta, Ies la Robla).

HUMANOS:

- 2 profesores coordinadores do servizo
- Alumnado mediador

ORGANIZATIVOS:

- Actualmente, utilízase o Departamento de Orientación como lugar de encontro e de reunión para realizar as mediacións
- Os coordinadores contarán cunha hora de reunión dentro do seu horario laboral para o seguimento do servizo

8. PLAN DE AVALIACIÓN

¿Qué se avalía?.- Porcentaxe de Mediacións resoltas: (Nas que se cumpriron os acordos)

- Grao de satisfacción dos implicados.
- Grao de implicación da comunidade educativa
- Grao de coñecemento da comunidade educativa do servizo de mediación
- Grao de coordinación entre a Xefatura de Estudos e o Servizo de Mediación
- Introducción do procedemento nos plan de centros (RRI)

¿Cando?.Inicialmente coa análise da convivencia, procesualmente, celébrandose reunións mensuais dos coordinadores para posta en común e co alumnado mediador. Realízase ó final de curso unha reunión final, para avaliar resultados.

¿Cómo?.


- Análise dos rexistros de mediación
- Valoración subxectiva dos membros do servizo e dificultades atopadas

- Cuestionario ao alumnado mediado e ao alumnado mediador(ver anexo)

Farase unha memoria final na que se reflectan as valoracións do proceso.

ANEXOS

REXISTROS DE MEDIACIÓN



FICHA CURSO DE MEDIACIÓN

RAZÓNS PARA ACUDIR AO CURSO

Alumno/a :
Curso :

1. Por qué queres ser mediador/a?
2. Que sabes da mediación?
3. Que habilidades cres que ti tes para ser ten que ter un bo mediador?
4. Sabes canto dura o curso? Sabes a que hora é?
5. Fixeches uso algunha vez da mediación? Para que foi? Que pasou?

CONTRATO DE FORMACIÓN

Alumno/a :

Curso :

Estimado/a pai/nai, titor:

O seu fillo/a inscribiuse no obradoiro de mediación escolar, co obxecto de chegar a formar parte do equipo de mediadores e mediadoras do centro. No taller desenvólveranse competencias sociais e estratexias de xestión positiva de conflitos. Nesta formación participa un grupo de alumnos previamente seleccionados, e é impartida por dous profesores do centro.

Rogamos que dean o consentimento para que o seu fillo/a se forme como mediador/a. O curso durará aproximadamente 2 meses, segundo o seguinte horario:

Hora: 16:30- 18:00 :Día da semana: Martes

Dou o meu consentimento para que o meu fillo/a participe no obradoiro de mediación.

Asinado :

Pai, Nai, Titor

FICHA DE SOLICITUDE DE MEDIACIÓN

DATA:

NOME E APELIDOS:

1. O MOTIVO DO CONFLITO É:

2.OS IMPLICADOS NO CONFLITO SOMOS:

3.O PROBLEMA VEN DE ANTES OU XURDIU AGORA?

REXISTRO DE MEDIACIÓN

Mediador **Data:** **Lugar:**
Mediación solicitada por:

1. PROTAGONISTAS DO CONFLITO

Nomes parte 1: **Sexo :** **Idade:**
Actitude coa que encara a mediación:

Nomes parte 2: **Sexo:** **Idade:**
Actitude coa que encara a mediación:

2. CAUSAS DO CONFLITO

Feitos

Sentimentos

3. CONTEXTO DO CONFLITO

Lugar do conflito:

Social:

- ❖ **Tipo de relacións entres as partes:**
- ❖ **En que contexto se produce:**
- ❖ **Posibles influencias de terceiros:**

PROCESO QUE SEGUIRON:

Xeito de encarar o conflito:

Posicións das partes:

ACORDOS QUE SE PROPOÑEN

1.

2.

3.

4.

5.

REXISTRO DE ACORDO PARA A MEDIACIÓN

O presente documento constitúe un acordo entre _____ e _____ para a resolución dun problema ou dunha situación que nos trouxo a mediación para intentar a súa solución. Constitúe un compromiso entre nós para utilizar as solucións que acadamos a través do diálogo no proceso de mediación.

E tendo en conta a confidencialidade acordada entre nós, establecemos que :

parte 1: •COMPROMÉTESE A :	parte 2: •COMPROMÉTESE A :
--	--

O presente acordo volverá ser revisado por nós, en colaboración cos mediadores, no prazo de _____ en data aproximada de _____. Na presente sinatura comprometémonos no cumprimento e desenvolvemento do anteriormente exposto.

Sinatura

Sinatura

Fisterra, de de 2

CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN D@S ALUMNOS@S MEDIAD@S

CONTESTA ÁS SEGUINTE PREGUNTAS	
1. ¿Consideras que a mediación foi satisfactoria?	☐ moitísimo ☐ moito ☐ regular ☐ pouco ☐ moi pouco
2. ¿Os/as mediadores/as axudáronte e/ou guiáronte cara a resolver o teu problema?	☐ moitísimo ☐ moito ☐ regular ☐ pouco ☐ moi pouco
3. ¿Como te sentiches ao longo do proceso de mediación?	☐ moi ben ☐ ben ☐ regular ☐ mal ☐ moi mal
4. ¿Resultou doado chegar ao acordo con solucións satisfactorias para ambas partes?	☐ moitísimo ☐ moito ☐ regular ☐ pouco ☐ moi pouco
5. A solución proposta, ¿soluciona o problema concreto que vos enfrontou?	☐ moitísimo ☐ moito ☐ regular ☐ pouco ☐ moi pouco
6. ¿Consideras que coa solución proposta pódese mellorar a relación para o futuro?	☐ moitísimo ☐ moito ☐ regular ☐ pouco ☐ moi pouco
7. ¿Cres que no caso de volver a ter algún problema poderías resolvelo por ti mesmo/a co aprendido na mediación?	☐ si ☐ non

4. ¿Tes algunha suxestión ou observación que facer para mellorar as mediacións? No caso de que si, ¿cal ou cales?

- 1.
- 2.
- 3.

GRACIAS POLA VOSA COLABORACIÓ

VALORACIÓN DO ALUMNADO MEDIADOR

1. ¿Qué foi o que te chamou a atención ou che motivou a participar no programa?

CONTESTA ÁS SEGUINTE PREGUNTAS

2. Na túa opinión, a formación que recibiches para ser mediador foi...	☐ Ningunha ☐ suficiente ☐ regular ☐ pouca ☐ moita
3. Esta formación pareceuche:	☐ moi boa ☐ boa ☐ mala ☐ regular ☐ moi mala
4. ¿En qué medida os/as teus/túas compañeiros/as coñecen o servizo de mediación?	☐ nada ☐ pouco ☐ algo ☐ bastante ☐ moito
5. Para solucionar conflitos cres que a mediación é unha ferramenta...	☐ nada útil ☐ pouco útil ☐ algo útil ☐ bastante útil ☐ moi útil
6. Dirías que o teu grado de satisfacción por participar no Servizo de Mediación é...	☐ nada ☐ pouco ☐ algo ☐ bastante ☐ moito
7. ¿Cómo cualificarías a experiencia de traballar con profesores de igual a igual no programa de Mediación?	☐ moi mala ☐ mala ☐ regular ☐ boa ☐ moi boa

5. ¿Cómo te ves ti como mediador?

6. ¿Qué é o que mais che gusta e o que menos?

o que mais 	o que menos... 

7. Influíu algo en ti o feito de participar no programa?

8. ¿Tes algunha suxestión ou observación que facer para mellorar as mediacións? No caso de que si, ¿cal ou cales?

- 4.
- 5.
- 6.
- 7.

GRACIAS POLA VOSA COLABORACIÓN

MEMORIA FINAL DO SERVIZO DE MEDIACIÓN

ANÁLISE DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS

Número de mediacións realizadas con éxito. análise do fracaso das mediacións:

Síntesis das xuntanzas cos mediadores/as (clima, asuntos..):

Análise da formación de novos mediadores:

DIFICULTADES ATOPADAS

PROPOSTAS DE MELLORA

PRIMEIRO	
SEGUNDO	
TERCEIRO	
CUARTO	
QUINTO	

VALORACIÓN FINAL

PUBLICIDADE, LOGOS E IMAXES CORPORATIVAS



FICHA DE SOLICITUDE DE MEDIACIÓN

Data:

Nome e Apelidos:

I. O motivo do conflito foi:

II. Os implicados no conflito fomos:

III. Eu proponho como mediador/a:

IES FIN DO CAMIÑO



EQUIPO DE MEDIACIÓN

IES FIN DO CAMIÑO
FISTERRA

Equipo de Mediación



CARACTERÍSTICAS DA MEDIACIÓN

QUE É A MEDIACIÓN?

É un xeito pacífico de resolver os conflitos entre dúas partes, no que unha terceira parte neutral (o/a mediador/a) axuda a que se atope unha solución.

É un proceso voluntario e confidencial.

O alumnado mediador non propón solucións, senón que axuda ás persoas en conflito a chegar por si mesmas a un acordo satisfactorio.



As persoas que accedan á mediación deben amosar unha actitude de respecto entre elas, de escucha e de diálogo.

COMO SE CHEGA A UNHA MEDIACIÓN

Podemos distinguir dous xeitos:

1. Tendo un problema con alguén, accédese voluntariamente. Lembra que as dúas partes teñen que estar de acordo en solicitala (dous non medían se un non quere) . Cada parte elixirá un mediador/a.
2. Tras un parte de conduta, para que teñas a oportunidade de resolver o problema antes de aplicar sancións maiores contempladas no regulamento de réxime interno (RRI).

COMO SE SOLICITA?

Se tes un conflito con alguén, cubre a "ficha de solicitude" que poderás atopar en Orientación, Xefatura, Secretaría ou no reverso deste tríptico, escollendo ao teu mediador/a.

Os coordinadores informarán do momento en que se vai levar a cabo a mediación.

QUEN SON OS MEDIADORES E MEDIADORAS?

